1ª EDICIÓN CONCURSO DE MAIOS DE LAVADORES 2026

Maios Lavadores 2026

Datos solicitante

Nome e apelidos do representante do Maio:
NIF:

Nome da vía:
Núm.: Piso: Porta:
CP: Localidade:
Tlf.: E-mail:

Solicita inscribirse no concurso dos Maios de Lavadores 2026:

Documentación requerida

- ☐ **Folla de inscrición debidamente cumprimentada**
- ☐ **Recibo ingreso na conta da Irmandade de 50 euros en concepto de inscrición Maios 2026. Nº conta irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores:**
  IBAN ES02 0081 0388 0000 0231 0935
- ☐ **Copia das letras das coplas dos maios que serán interpretadas**
- ☐ **Autorización asinada polos titores legais dos menores participantes**

Datos fiscais dos participantes

Nome e apelidos / Razón social:	**DNI / CIF:**
Nº conta bancaria:	**SINATURA/SELO:**

1ª EDICIÓN CONCURSO DE MAIOS DE LAVADORES 2026

ACEPTACIÓN BASES CONVOCATORIA

De conformidade co disposto nas bases reguladoras do 1º Concurso de Maios da Asociación Cultural Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores, con NIF: G72936107, inscrita no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia na sección 1º e nº 2022/25446-1. **DECLARO**: baixo a miña responsabilidade, **1.** Que a persoa asinante e/ou a asociación que representa, as/os administradores e representantes, reúnen todos os requisitos previstos nas Bases Reguladoras desta convocatoria, e non se atopan incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dos premios que esta asociación cultural outorgará. **2.** Que cumpre e acepta o estipulado nas bases desta convocatoria, así como tamén, cas instrucións que dite a organización sobre o lugar exacto de colocación e recollida no recinto do adro da igrexa de Santa Cristina de Lavadores na data indicada.

Lavadores , _____ de _____ de 2026

Sinatura do representante legal do maio:

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PARA MENORES DE IDADE

D/Dona _____ con DNI _____ en representación do menor _____ e actuando no seu propio nome, DECLARA:ca sinatura do presente documento, ser coñecedor/ra da lei de protección de datos facilitada pola Asociación Cultural Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores, así como tamén ser consciente do tratamento dos datos persoais para as finalidades indicadas na presente politica de privacidade. Que tódolos datos facilitados son exactos e veraces. Co obxectivo de organizar este concurso de maios, precisamos tratar os datos identificativos do menor ao seu cargo, así como autorización para realizar grabacións en video e audio, ou toma de fotografías durante a celebración do concurso, solicitándolle consentimento expreso para que esta Asociación poida realizar e divulgar nas redes sociais da propia Asociación estas grabacións.

Sinatura do titor/a legal do menor:

1ª EDICIÓN CONCURSO DE MAIOS DE LAVADORES 2026

LEI PROTECCIÓN DATOS

En cumprimento do regulamento (IU) 2016/679 do Parlamento Europeo (RGPO) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LPOD), informámoslle sobre o tratamento dos seus datos persoais. Responsable: ASOCIACIÓN CULTURAL IRMANDADE DE FESTAS DE SANTA CRISTINA DE LAVADORES. Rúa Santa Cristina nº 2, 36214, Lavadores ,Vigo.(Pontevedra) FINALIDADE: por un interese lexítimo e ca finalidade de tramitar a súa solicitude de inscrición nesta primeira edición de concurso dos Maios de Lavadores 2026. Autoriza a esta asociación a toma de fotografías, grabacións en imaxe e audio desta primeira edición do concurso de maios, así como tamén a divulgación por parte da Irmandade de Festas destas grabacións nas súas redes sociais. Os seus datos persoais só se poderán comunicar a terceiros exclusivamente por un imperativo legal. Informámoslle de que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento, dirixíndose por correo postal ca copia do seu DNI a: SECRETARIA DA IRMANDADE DE FESTAS DE SANTA CRISTINA DE LAVADORES, NA RÚA SANTA CRISTINA Nº 15. 36214 LAVADORES, VIGO **.**

E-MAIL : info@irmandadedefestasdelavadores.com. Teléfono: 621312117.

Lavadores a _____ de _____ de 2026

Sinatura do/da representante legal:

1ª EDICIÓN CONCURSO DE MAIOS DE LAVADORES 2026

BASES CONVOCATORIA MAIOS LAVADORES 2026

1º Poderán participar no concurso dos Maios 2026, organizado pola Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores e a Asociación Veciñal de Lavadores:

As persoas físicas, asociacións, entidades e centros educativos.

no caso de centros educativos, autorízase a participación dos mestres e mestras xunto os seus alumnos na realización do maio.

2º PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN.

O prazo de inscrición comezará o día 22 de marzo do 2026, e rematará o dia 9 de maio do 2026. É condición imprescindible que tódolos participantes nos maios, soliciten a súa inscrición no enderezo electrónico da Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores:

info@irmandadedefestaslavadores.com, conforme ó modelo que aparece no anexo, e previo ingreso na conta bancaría da Irmandade de Festas, da cantidade de 50 euros a modo de inscrición. Este importe será devolto a tódolos participantes unha vez transcurrida unha semana do remate dos maios, que será o límite de tempo co maio deberá permanecer no adro da igrexa. Unha vez transcurrido este periodo, os participantes deberán facerse cargo da súa recollida. A organización procederá unha vez recollido o maio, á devolución na conta bancaria facilitada na folla de inscrición do importe ingresado.

3ºREQUISITOS DOS MAIOS PARTICIPANTES.

Os maios participantes deberán presentarse no adro da igrexa de Santa Cristina de Lavadores o día 16 de maio ás 9:00 horas. O armazón do maio deberá estar previamente confeccionado antes do seu traslado ao adro da igrexa na data indicada, tendo os participantes a continuación, un máximo de tres horas para rematar na súa totalidade a confección do mesmo. O concurso dará comezo ás 12:00 horas coa recitación dos maios de Lavadores e a solta de pombas. A orde de

actuación dos maios, así como o espazo asignado para a confección do maio, farase previo sorteo, debendo a continuación os participantes ocupar este espazo, onde tamén procederán a cantar as súas cantigas de maio.

4ºCRITERIOS PARA A REALIZACIÓN DOS MAIOS

a) A confección do maio será realizado ao xeito tradicional galego, de forma cónica, de entre 1,5 e 2 metros de altura aproximadamente. Deberá contar cas súas andas para se poder transportar, engalanado cos elementos vexetais tradicionais propios da estación da primavera, fiúncho, pampillos, margaridas, xestas, laranxas, ovos, etc. Rematando o conxunto ca súa correspondente coroa.

b) O armazón deberá ser feito de paus, canas, ou outros elementos vexetais, admitindose tamén os aros dos barrís como compoñentes da súa armadura. En todo caso, tódolos materiais empregados deberán respectar o acabado tradicional do maio galego, non admitindose plásticos ou outros materiais artificiais.

c) O xurado valorará o vestiario de cada grupo participante, que deberá ser acorde ca celebración dos maios. Chapeus floridos e roupa de cor blanca tanto para homes como mulleres.

d)) Os materiais que compoñen a estrutura do maio, non serán visíbeis, a non ser os pés do maio e as andas, que serán de madeira.

e) Serán valorados todos aqueles elementos técnicos ou artisticos que amosen creatividade e orixinalidade (como a uniformidade do manto de fiúncho, a elaboración uniforme das coroas de pampillos, margaridas e laranxas, etc. E artísticos (a distribución dos adornos no maio, a composición de formas e cores, etc.).

f) O modelo de Coroa, poderá ser tipo Cruz ou calquera outra forma que contribuia a enriquecer o resultado final da composición, non deixando á vista os materiais da súa estrutura.

g) Penalizarase o uso de cantigas que non sexan creadas estrictamente para esta edición dos Maios de Lavadores, polo que se puntuará a orixinalidade, o ritmo e as alegorias da realidade propia do antigo concello de Lavadores, e do actual concello de Vigo. Na interpretación se terá en conta o emprego do canto tradicional do maio. Tamén se valorará o uso dos materiais de acompañamento musical (paus de man ou estadullos).

h) As letras dos maios premiados poderán ser susceptibles de divulgación nas redes sociais da Asociación Cultural Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores, así como tamén, pola Asociación Veciñal de Lavadores, citando previamente a súa autoría, e sen que os seus autores teñan dereito a percibir cantidade económica algunha en concepto de dereitos de autor.

i) O veredicto do xurado será emitido despois da suma de puntuacións dos seus membros, segundo os criterios de valoración esixidos que figuran nesta edición dos maios, e que serán os seguintes:

j) CONFECCIÓN DO MAIO.....de 0 a 10 puntos

k) CANTIGAS DE MAIOS.....de 0 a 10 puntos

l) Unha vez entregado o premio, os gañadores deberán realizar unha segunda actuación no adro da igrexa.

5º PREMIOS

Establécense dúas modalidade de premios:

PREMIO CONFECCIÓN DO MAIO.....500 €

PREMIO CANTIGAS DE MAIOS.....350 €

A cantidade do premio será ingresada no número de conta facilitada na folla de inscrición da persoa física ou entidade/asociación gañadora.

XURADO. A composición do xurado estará composta por dous men¡mbros da directiva da Irmandade de Festas, e dous membros da